

# NICK CAVE: ONE MORE TIME WITH FEELING

# 149

[Andrew Dominik, 2016]

ÚNICO PASE EN NUMAX: 08.09.2016 | V.O.S.E.

## FICHA TÉCNICA

Nick Cave: One More Time with Feeling (2016, 112')  
**Dirección:** Andrew Dominik  
**Guión:** Andrew Dominik  
**Participación:** Nick Cave & The Bad Seeds  
**Montaxe:** Gareth Bishop  
**Dirección de arte:** Stuart Renfrew  
**Son:** Joakim Sundström  
**Música:** Nick Cave & The Bad Seeds  
**Fotografía:** Benoît Debie, Alwin H. Küchler  
**Produtora:** Pulse Films (Reino Unido), Iconoclast (Francia)  
**Distribuidora:** Picturehouse Entertainment  
**Formato de proxección:** DCP 2K  
**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA


*Mátalos suavemente*, 2012  
*El asesinato de Jesse James por el cobarde Robert Ford*, 2007  
*Chopper*, 2000

## FESTIVALS

Venecia 2016 (fóra de concurso)

## SINOPSE

Un evento cinematográfico irrepetíbel dirixido por Andrew Dominik. *One More Time With Feeling* vai ser a primeira oportunidade de escoitar *Skeleton Tree*, o álbum de estudio número 16 de Nick Cave & the Bad Seeds, un filme que vai chegar ao cinema NUMAX o 8 de setembro de 2016, xusto un día antes do lanzamento do disco. O concepto orixinal do filme derivou nalgo moito máis significativo cando Dominik comezou a esculcar no trasfondo trágico das letras e os sons do álbum. Entre as cancións interpretando o novo álbum dos Bad Seeds atopamos entrevistas e gravacións de Dominik, acompañadas polas narracións e reflexións improvisadas de Cave. En branco e negro e cor, o resultado é un testamento fráxil, cru e verdadeiro dun artista tentando atopar o seu camiño no medio da escuridade.



# NICK CAVE: ONE MORE TIME WITH FEELING

[Andrew Dominik, 2016]

## “Ás veces as cancións saben cousas que eu descoñezo”

Entrevista a Nick Cave  
Por Andrew Dominik

### Teño curiosidade por saber como fas cando escribes unha canción sobre unha persoa en particular ou un acontecemento da túa vida, como no tema *Far From Me*. Pensas nesa persoa ou situación cando escoitas a canción?

Si, e cando a toco nun local vénme á mente esa persoa, coma se o tema puidese facer revivir a súa memoria. Cando canto *Deanna*, por exemplo, que adoito incluír en todos os concertos, agroma unha caste de mentira imaxinada e romantizada sobre esta persoa en particular, da que me emociona especialmente cantar. Ás veces unha canción non é ampla de abondo para conter a ficción, porque as memorias son ficcións. Pero no caso de *Deanna*, á que ti coñeces ben porque se converteu logo na túa moza e tiveches un neno con ela...

### Realmente foi cando comecei a saír con Deanna [Bond] cando saíu a canción. En serio? Non sabía! [risas]

Habitualmente as túas letras non me parecen particularmente obtusas ou difíciles de escoitar. Lévote escoitando 25 anos. As túas cancións foron sempre parte da miña vida e cada unha delas suxíreme algo. Porén, en *Deanna* sempre me preguntei pola retrouso: «Non estou aquí polo teu diñeiro / Non estou aquí polo teu amor / Estou aquí pola túa alma» [I ain't down here for your money / I ain't down here for your love / ... I'm down here for your soul].

Para min eses versos son particularmente fermosos porque van máis aló do persoal e convértense nun canto que dirixo a todo o mundo e logo remíteme á mítica relación que tiven coa túa futura moza [risas].

Ela tenme dito que dúas semanas despois de coñecervos fuches a Inglaterra e volvíches, atopástevos no estudio de gravación e o primeiro que viu foi a ti cantando o tema dedicado a ela. E a canción predí a vida que iades ter xuntos dalgún xeito. Algunhas cancións teñen esa capacidade, e ese é

un aspecto da música tan abraiante que mesmo pode dar medo. Susie [Bick], a miña muller, enténdeo moi ben. Escribín hai pouco un tema titulado *Wide Lovely Eyes* que trata dunha muller que marcha e fala da descomposición dunha relación. Ela díxome algo así como: «Por que escribiches iso?». Ela nunca me pregunta por unha soa liña dunha canción porque é unha artista de corazón, e un artista endexamais lle pregunta a outro polo sentido dun texto. Mais as cancións saben cousas que ás veces eu descoñezo. Ou mesmo poden a chegar a ser máis valentes, no sentido de que a túa arte pode pavimentar o camiño que logo vas seguir. Mais *Wide Lovely Eyes* vai da ansiedade que sentín ao ver un día a Susie marchar da casa. É basicamente unha canción na que a miro pola xanela saíndo do xardín indo cara ao mar e sinto a ansiedade de pensar que pode que algún día non volva. Non se trata de que me vaia deixar, senón dun pensamento máis abstracto que lle dá ao tema un sentido máis melancólico. Volvendo a *Deanna*, ese tipo de temas achéganme ás pantasma do pasado, e canto máis vello me fago, máis sinto a proximidade desas pantasma —especialmente as mulleres da miña vida— saíndo das sombras do pasado e facéndose máis presentes na miña vida.

Que queres dicir? Algunhas relacións son máis importantes para min agora que hai dez anos. Se cadra é porque estou noutra relación e falo das anteriores dun xeito máis abstracto. Non teño interese algún en retomar o contacto a través do Facebook con estas persoas nin nada parecido. Pero esas memorias son cada vez máis claras.

Os filmes funcionan dun xeito parecido. Hai un elemento inconsciente neles. Podes escribir un guión seguindo un impulso do que descoñeces o seu significado. Mais cando vives con el, digamos, tres anos, comezas a ver que certas predicións convértense en realidade e ao detectar o seu significado semella como se unha certa enerxía se dispase. Os teus filmes semellan tratar sobre a ficción e o mito, sobre o que aconteceu e o que non, ou cando menos *Chopper* e *El asesinato de Jesse James por el cobarde Robert Ford*. Sei que fuches moi meticuloso con Jesse James mais ese filme parécese que ten algo de soño, de mito.

Publicado en [www.interviewmagazine.com/](http://www.interviewmagazine.com/)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

*Skeleton Tree*, Nick Cave & The Bad Seeds.  
Kobalt [LP / CD]

*La canción de la bolsa para el mareo*, Nick Cave.  
Sexto Piso, 2015

*Confesiones íntimas de un santo pecador*,  
Nick Cave. Global Rhythm Press, 2012

*The Complete Lyrics 1978-2013*, Nick Cave.  
Penguin, 2013

*And the Ass Saw the Angel*, Nick Cave.  
Penguin, 2013

*Anton Corbijn*. Xavier Barral, 2015

*20.000 días en la Tierra*, Jane Pollard  
& Iain Forsyth. Avalon, DVD

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME